

*RESOLUCIÓN da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Mar, pola que se convoca o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de PERCEBE ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de Pescadores de Corme.*

### *Antecedentes*

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para o recurso específico percebe (PE410A 2021/50-1), modalidade a pé e dende embarcación, da confraría de pescadores de Corme (en adiante a entidade) estableceuse un número máximo de 17 embarcacións con 37 tripulantes habilitados con dereito a cota.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2021 desta modalidade na entidade para o trienio 2022-2024, o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 16 embarcacións e 31 habilitacións.

2. O 26.01.2022 (Rexistro de Entrada Nº 2022/181474) a entidade presentou unha solicitude para que se iniciase o proceso para a cobertura de habilitacións ata o máximo de 37 aprobado no plan de xestión.

3. O 27.09.2022 esta xefatura territorial comunicou a proposta á confraría de pescadores de Corme para proceder á convocatoria dun proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe a 1 embarcación con 2 cotas e 4 cotas máis para ofertar entre as embarcacións participantes no plan ata acadar o número máximo de participantes aprobado no plan de xestión (o cal require a correspondente elaboración da lista de incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de percebe). Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días hábiles para que presentasen as observacións que considerasen oportunas e que de non recibir resposta no prazo sinalado entenderíase como positiva a proposta realizada por esta xefatura territorial. Transcorrido o dito prazo non se recibiu resposta por parte da entidade.



### Consideracións legais e técnicas

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, entre outros requisitos, establece no artigo 42:

*"A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión.*

*No caso de que para a extracción de recursos específicos se empreguen técnicas de mergullo, será necesario que os mergulladores e as mergulladoras estean en posesión da titulación axeitada aos medios empregados."*

2. O artigo 4º do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, entre outros requisitos, establece:

*"O permiso de explotación non poderá ser outorgado, revalidado nin transmitido a aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan sanción firme en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendente de pagamento."*

3. O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidas para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que:

- En ningún caso, poderán exercer actividades de pesca as embarcacións que non dispoñan de medios mecánicos de propulsión (artigo 6.6).
- As embarcacións que poden optar a incorporar no seu permiso de explotación a modalidade de percebe deberán ter menos de 3 TRB ou menos de 2,6 GT (artigo 159.4).

4. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da comunidade Autónoma de Galicia, na sección 1ª, artigo 25.2 determina que:

*"Ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación é incompatible con ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos. As persoas titulares dun permiso de explotación a pé para recursos específicos poderán presentarse ao proceso selectivo para obter as modalidades desde embarcación para este tipo de recursos, pero renunciarán ao dito permiso no momento da obtención dalgunha delas."*

5. A Orde do 30 de decembro de 2015 indicada anteriormente, determina nos seus artigos 26 a 30 o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

6. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de



*captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.*

As actividades formativas (cursos, seminarios, xornadas ou asimilados) que se terán en conta para o baremo de acceso ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións será o *Catálogo de actividades formativas recoñecidas* dispoñible na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> (última actualización realizada mediante Resolución ditada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro o 03.03.2022).

7. De acordo con disposto na *Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se modifica a Resolución de 4 de maio de 2016* pola que se aproba o baremo, o outorgamento da modalidade de recursos específicos realizarase entre persoas armadoras solicitantes asociadas á entidade titular do plan de xestión.

8. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da *Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.*

De acordo con todo o anterior,

#### RESOLVO:

Convocar o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe a 1 embarcación con 2 cotas para percebeiros, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Corme con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Corme, como entidade titular do plan de xestión, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial  
María José Cancelo Baquero  
(sinatura electrónica)

Xefatura Territorial da Coruña  
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña  
Tel.: 981 182 000  
[xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal](mailto:xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal)



## ANEXO A

### Bases da convocatoria

#### 1. Normas xerais

**1.1.** O obxecto do proceso selectivo será o outorgamento da modalidade de percebe a 1 embarcación con 2 tripulantes habilitados con dereito a cota, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Corme. O outorgamento será cun mínimo de 2 cotas para a embarcación seleccionada ao obxecto de establecer tripulacións mínimas de seguridade.

#### 1.2. Requisitos das embarcacións

Para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación, consonte ao artigo 25 da *Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, deberá cumprirse os seguintes requisitos:

- a) Ter menos de cinco artes ou modalidades no seu permiso de explotación da embarcación. No caso de ter cinco, deberá xustificarse a renuncia a unha delas unha vez seleccionada a embarcación.
- b) Ter menos de 3 TRB ou 2,6 GT
- c) Dispoñer de medios mecánicos de propulsión
- d) Que as persoas tripulantes estean en posesión dos certificados profesionais correspondentes.

Ademais, ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación é incompatible con ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos. As persoas titulares dun permiso de explotación a pé para recursos específicos poderán presentarse ao proceso selectivo para obter a modalidade desde embarcación para este tipo de recursos, pero renunciarán ao dito permiso no momento da obtención dalgunha delas.

#### 1.3. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación

A *Lei 4/2019 do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia* (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019) no seu artigo 10º 1.a) establece que os traballadores autónomos e as traballadoras autónomas, para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, no ámbito do sector público autonómico, estarán obrigados a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais do indicado no artigo 14.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Deste xeito, as solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse unicamente por vía electrónica e dirixirse á Xefatura Territorial da Coruña, empregando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) mediante o procedemento PE401L.

O prazo para a presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Xefatura Territorial da Coruña  
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña  
Tel.: 981 182 000  
[xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal](mailto:xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal)



Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Corme.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

A solicitude, asinada polo/s titular/es do permiso de explotación, deberá vir acompañada da seguinte documentación:

### 1.3.1 Documentación mínima para a admisión da solicitude:

#### a) Para acreditar a personalidade na presentación da solicitude:

**a.1)** No caso dunha persoa física, DNI ou NIE da persoa solicitante, en caso de non autorizar á Consellería do Mar para a obtención desta información.

**a.2.)** No caso de cotitularidade, copia do DNI ou NIE do resto das persoas físicas titulares do permiso de explotación da embarcación, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para obter esta información. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.

**a.3)** No caso dunha persoa xurídica, NIF da entidade e DNI ou NIE da persoa representante en caso de non autorizar á Consellería do Mar para obter esta información. No caso dunha persoa xurídica, a persoa representante deberá acreditar a representación con que actúa.

No caso de ser titular do Permiso de explotación por cesión, deberán tamén dar a súa conformidade a/s persoa/s propietaria/s da embarcación e acreditar a personalidade seguindo os puntos anteriores.

**b) Xustificante de ter aboado o pagamento da taxa correspondente.** Non será necesario presentar este documento se o pago da taxa se realizou de forma telemática.

### 1.3.2 Outra documentación:

**a) Folla de asento electrónica da embarcación actualizada á data da convocatoria ou copia dixitalizada do documento orixinal.**

**b) Documentación acreditativa de cada un dos aspectos que se van a valorar** de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Así,

#### **b.1) Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación:**

**i)** Indicar no seu caso, se o armador foi titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos nos 2 anos anteriores á data da convocatoria.

A información relativa a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

**ii)** No caso de que a persoa solicitante, titular do permiso de explotación da embarcación, estivese enrolada como percebeiro/a nunha embarcación incluída nun plan de xestión para o recurso específico percebe nos 2 anos anteriores á data da



convocatoria, deberá presentar unha certificación da capitanía marítima dos enroles da persoa solicitante nos dous anos anteriores á data da convocatoria.

**b.2) Habitualidade da actividade pesqueira da embarcación.**

**i) Vendas na lonxa ou centro de venda autorizado da embarcación**

Para a valoración deste epígrafe, a persoa solicitante, deberá presentar certificación da capitanía marítima que recolla os seguintes aspectos:

- despachos da embarcación nos dous anos anteriores á data da convocatoria.
- tripulación enrolada na embarcación con nome e apelidos e períodos de embarque nos dous anos anteriores á data da convocatoria.

A información relativa ás vendas en lonxa ou centros de venda autorizado será a que conste en poder da Consellería do Mar.

**ii) Período da actividade da embarcación (registro da actividade pesqueira)**

A información respecto ao registro da actividade pesqueira será a que conste en poder da Consellería do Mar.

**b.3) Antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión.**

A información respecto a este epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

**b.4) Número de artes ou modalidades incluídas no permiso de explotación da embarcación na data da convocatoria.**

A información respecto a este epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

**b.5) Formación da persoa armadora da embarcación**

**i)** Actividades de formación: documentación acreditativa das actividades formativas recoñecidas como mérito para acceder ás modalidades de recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades aprobado pola *Resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro* (dispoñible na páxina web (<http://www.mar.xunta.gal>) na data da convocatoria. Únicamente se valorarán as actividades formativas finalizadas na data de publicación da convocatoria.

Non se computarán aqueles cursos ou títulos profesionais necesarios para o exercicio da actividade: mariñeiro-pescador, formación básica, certificado de mariscador/a, certificado de percebeiro/a, certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

**ii)** Titulación académica: documentación que acredite estar en posesión da titulación académica correspondente. Só se valorará a titulación académica superior.



Ademais, engadirase 1 punto mais á valoración obtida na titulación académica cando a persoa solicitante posúa algunha titulación profesional regulada de acuicultura ou náutico-pesqueira, así como formación non regulada, de Patrón de pesca local, Patrón costeiro polivalente e Capitán de pesca.

**b.6) Ter persoas enroladas do xénero feminino:** certificación da capitania marítima na data de presentación de solicitudes cos despachos da embarcación e a tripulación enrolada nela nos dous anos anteriores á data da convocatoria.

**c) Documentación que acredite o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación.**

#### 1.4. Emenda da solicitude

A xefatura territorial, como órgano responsable da tramitación e resolución das solicitudes, comprobará que estas reúnen os requisitos establecidos. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada, para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida da súa petición logo de resolución expresa.

A notificación das emendas das solicitudes realizarase de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Corme.

A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá ser presentada por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

## 2. Proceso selectivo. Relación provisional e definitiva

**2.1.** A xefatura territorial procederá á baremación das solicitudes e publicará, no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, unha relación provisional indicando a puntuación acadada por cada unha das embarcacións aspirantes e persoas armadoras. Así mesmo, nesta relación recolleranse as embarcacións e persoas excluídas do proceso e as causas de dita exclusión.

A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Corme.

O feito de figurar na relación de persoas e embarcacións admitidas non prexulga que se lle recoñeza á persoa interesada ou embarcación a posesión dos requisitos esixidos no procedemento regulado nesta sección. Cando da documentación que deba presentarse no caso de ser seleccionado, se desprenda que non posúa algúns dos requisitos, a persoa interesada decaerá de todos os dereitos que podan derivar da súa participación no procedemento.

Contra a relación provisional de puntuacións, as persoas interesadas poderán presentar ante a xefatura territorial cantas alegacións consideren oportunas no prazo máximo de



quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

As embarcacións e persoas excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da *Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

**2.2.** Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e analizadas estas, a xefatura territorial ditará a resolución coa relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras, así como das non seleccionadas. A relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras realizarase con base no número de tripulantes con certificación profesional con pretensión de enrolar indicado na solicitude pola persoa armadora. Dita resolución será exposta nos lugares e cos mesmos efectos que os previstos no punto 2.1.

As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de se-lo caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

En caso de empate na puntuación obtida e previo á publicación da resolución coa relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras, así como das non seleccionadas, este resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación, de acordo co apartado A.8 do anexo I da *Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos*.

Contra a resolución que aprobe a relación definitiva, que non esgota a vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

### 3. Outorgamento da modalidade

As persoas armadoras das embarcacións seleccionadas deberán presentar, no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva, a seguinte documentación para obtención da modalidade e a asignación final de cotas á embarcación:

- a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da *Orde do 30 de decembro de 2015*.





Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude.

As embarcacións cuxas persoas armadoras presentaran a documentación outorgaráselles a modalidade coa única asignación posible de 2 cotas para percebeiro. Se trala presentación da documentación quedaran modalidades sen outorgar, estas asignaranse entre as embarcacións restantes por orde de puntuación.

Ademáis, de acordo co disposto no *Decreto 425/1993, do 17 de decembro*, a *Orde do 30 de decembro de 2015* e a *Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro*, pola que se modifica a *Resolución do 4 maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro*, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir cos seguintes requisitos para a obtención da modalidade no permiso de explotación e das cotas asignadas:

- a) No caso de embarcacións que posúan cinco (5) artes ou modalidades no seu permiso de explotación, a renuncia a algunha delas.
- b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- c) O/A armador/a da embarcación non poderá ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos, debendo renunciar a este no momento da obtención da modalidade.
- d) As persoas armadoras solicitantes deberán estar asociadas á entidade titular do plan de xestión. No caso dun plan de xestión conxunto estarase ao disposto no plan aprobado en canto á distribución de prazas entre entidades, de ser o caso. Para o cumprimento deste requisito presentarase unha certificación da confraría de pescadores titular do plan de xestión. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a súa consulta.

A xefatura territorial ditará resolución concedendo ou denegando a modalidade do recurso específico, conforme ao establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015.

